

## A COMPAÑA

### Conto

Na pedra do lar, esmorecía o lume debaixo do ventrudo pote, que colgaba da ferruxenta garamalleira; o mico, deitado antre a borralla i entornando os seus olliños verdes, soñaba, soñaba cos ratos; o vello petrucio, contaminado sin dúbida polo gato que durmía i o candil que esgumiaba, iba pouquiño e pouco incrinando a testa e adormecéndose tamén; as vellas, ca roca no regazo, deixaban descansar o fuso; os homes platicaban en vos baixa, e no fondo da cociña, antre luz e tenebras, bulían mozas e mozos, xogando ás cósquegas, e falando máis coas mans que coa língua.

De súpeto, crubindo a vos do enfurruñado vento que bruaba coma un condenado, sintiuse aló fóra, na escura encrucillada, o malencónico e sostenido ouveo dun can.

O gato abreu os ollos i estricouse; ergueu a testa o vello petrucio, suspenderon os homes o seu cuchicheante parrafeo, estermeceronse as mozas; fixeron as vellas a sinal da crus, e, dos médeo mortos rachóns da lareira, surxiu unha lamarada rápeda como un lostrego.

- ¡Ese can, venta morte! -exclamou Mengucho, o ferreiro do lugar.

- Hache de ser a do probe Goriño -repicou o sancristán- que na somana derradeira atopou a Compañía preto do monte Castelo; e todo o que ten a mala sorte de vela, din que morre ós nove días. ¡Mañán compre o novenario!

- ¡Boh, leria! ¡Esas son meiguerías! ¡A morte non vén astra que Diola manda! -dixo Xan de Páscoa, o labrego máis entendido da parróquea.

- ¿Meiguerías? ¡Cala, cala, xudío! -exclamou a tía catuxa-. A Compañía irmana as almas dos defuntiños que andan perdidas polos montes pra purgar os seus pecados; ¡i o que non cre nela, non cre en Dios!

- Pois eu -berrou un mozo que estaba sentado enriba da artesa- digo como o señor Xan, que non hai tal Compañía, nin o raxo que a fundou. Eu andiven de noite ben veces polo monte adiante, e nunca a atopei.

- ¡Arrenégote pecado! ¡Que herexías din estes homes! -cramaron tódalas vellas presinándose.

- A Compañía será mentira -dixo entón o vello ceruxano das Pereiras- pero, gráceas a ela construíuse, pasa de coarenta anos, a igrexa de Santa María de Traba, que é a millor que hai na comarca de Bergantiños.

- Bote ese conto, señor Inocente -berrou unha linda rapariga, ó mesmo tempo que lle daba un pu etazo no peito on estrevido mozo que lle quixo buscar as cósquegas máis alá do debido.

- Habedes de saber que iste non é conto, nin díxome, díxome, pois eu mesmo o presencie; i eínda viven en Traba algúns homes do meu tempo que o recordan.

Botou o ferreiro uns cantos rachóns no lume, que escomenzaron a estoupar ó alcenderse, puxéronse homes e mulleres ó redor do ceruxano, i astra o mico se sentou nas patas de atrás e mirou ó señor Inocente cos seus ollos verdes como perparándose a escoitalo.

- Acórdome coma si fora hoxe -continuou o ceruxano-. ¡Tiña eu trinta anos, i agora vou pra os satenta e un!

- ¡Xa choveu dendes daquela! -interrumpeu o ferreiro.

- ¡Choveu... e nevou! ¡Entón a miña barba era negra como as amoras maduras das

silveiras, i agora está branca como a neve do Pico de Meda neste mes de xaneiro!  
Acababa eu de casarme no lugar de Traba onde escomecei a exercer a miña profesión de ceruxano, e unha noite chamáronme pra darlle unha sangría a D. Ciprián Cornexa, que era o home máis usureiro e de piores entranas que había en vinte légoas á redonda.  
- ¡Pra amocalo! -dixo o sancristán.

- Xa se amocou abondo, como habedes de ver. Chamábanlle ó tal usureiro Porco Teso por mal nome, e tan ben lle cadraba aquel alcume, que nin feito de encarga, pois era un home pequeno, gordo, cas pernas curtas i o fuciño en punta.

O señor Cornexa emprestaba cartos ó mil por cen sobre hipoteca segura; i o probe do labrego que ó cumprir o praso non lle podía pagar o capital e mailos rédetos, botábaselle enriba das fincas hipotecadas, como se bota un corvo ás preas. De esa maneira foise facendo pouqui e e pouco o dono de toda a parróquea. ¡Dígovos que aquel home era unha araña, i os infelices paisanos caían como as moscas no seu telar!

Cando estaba ben o tempo, sacaba D. Cirpián as onzas ó sol na súa horta, pra que non se lle tomasen. ¡I eran tantas, que non lle chegou a súa vida para airealas todas!

- ¡Ai carafio! ¿Non rebaixa nada? -interrumpeulle o sancristán.

- ¡Nin un ichavo! ¡É tan certo como hai Dios! -repicou o ceruxano-. Mais non pensedes que con ter tantos cartos se daba boa vida o condanado usureiro. Non comía máis que broa barolenta, vistía como un probe de pedir e solasmentes se lavaba a cara dúas veces ó ano pra aforrar a iauga do seu pozo.

Si Noso Señor Jesucristo, alabado sea, volvese ó mundo no tempo de D. Ciprián, logo lle sacaba este a praza a Xudas Iscariote; pois o tan Cornexa era capás de vender ó Devino Maiestro, ós doce apóstoles i astra o taller de carpintería de san José. Aquel día o de home traficaba todo; el non lle vendeu a súa alma ó demo porque non lle quixo dar por ela nin un ichavo partido ó médeo.

Os fígados tíñaos máis grandes que a fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago. Nunha ocaseón unha probe viúda, con seis fillos pequeniños, que lle hipotecara a casa, foille a pedir, ó concurir o prazo, que lle esperase siquera unha somana máis por Dios e por María Santísima; pois os pequerrechiños estaban todos enfermos das vexigas, e non tiña nin onde metelos. ¡I eso que os seis cabían nunha cesta!

O señor Cornexa, por úneca rimposta, doulle un rempuxón tan grande que a botou polas escaleiras abaixo e creboulle unha perna que, cuasemente, lle compuxen eu.

- ¡Ai que condenasio do inferno! -excrámaron a coro tódalas mulleres; interrumpindo ó ceruxano.

- ¿Pro diso non se dou parte á xusticia? -preguntou Xan de Páscoa.

- Tapouse todo, -continuou o señor Inocente-. Xa sabes que antre nós, as leises solasmentes llas aprican ós probes. E agora, escoitádeme ben, que eiquí entra o millor do conto.

Un día, no segundo domingo do mes de Nadal, foi Porco Teso á feira das Travesas, pra crobar uns piques e facer das súas; pois señor, o caso é que, croba eiquí, axusta alá, hipoteca vai, escritura vén, xa eran as nove da noite ben corridas, cando o noso usureiro terminou os seus non moi limpos negocios, perparándose a botar no cabalo de san

Francisco, que é, unhas veces a pé i outras andando, as dúas légoas de monte que hai da feira das Travesas ó lugar de Traba.

- Mire, D. Ciprián -díxolle o escribano de Mosquetín- quédese a durmir na taberna do Ginerto, e non se bote polo monte adiante; pois a noite está escura como a boca de lobo.  
- Non é iso só, -añadiu Andrés o tamborilleiro de Sabiña- senón que ademais, no alto das Orbelleiras din que anda a Compañía; e se aalcontra no camiño, teña a seguranza de que morre ós nove días. Eu, nin por tódalas onzas recortadas que hai no mundo, pasaba destas horas por alí.

- ¡A Compañía! -rosmou D. Ciprián-. ¡Bo coidado me dá a min a Compañía! Si os defuntos queren cartos a rédetos que veñan a pedirmos ó camiño, e con tal que presenten boas garantías n'han de quedar sin eles.

I esto dicindo, saíu a paso de can, cara ó seu lugar, tomando a vereda da falda do monte.

Ó chegar ó alto da costa das Orbelleiras, divídese o camiño en dous, un que torce á man esquerda cara á igrexa de San Cremenente, i outro que segue dereito á Ponte Arantón. Cando Porco Teso se atopou no cruce das veredas, viu, cuasamente no mesmo sitio onde din que se aparece a Compañía, unha chea de luces que se movían aló embaixo, e que pouquiño e pouco viñan acercándose a el.

Parouse un anaco, médeo asustado, pero logo continuou o seu camiño con direución ás luces, dicindo escontra si:

- ¡Bah, han de ser camiñantes que veñen alomeándose con faroles! ¡Como está a noite tan escura...!

As luces acercábanse cada ves máis formando dúas longas ringuileiras.

Don Ciprián, xa non as tiña todas consigo, pensando se aquilo sería a Compañía que lle anunciaba a súa morte para dentro dos nove días; pro logo se repuxo do medo, escramando:

- ¡Tolería! ¡Os mortos ben mortos están; e non é causa de que se entreteñan en andar de noite polos camiños adiante, asustanto ós vivos!

As luces xa chegaban cuáseque ó alto da costa, i escomenzaban a verse os vultos dos que as levaban.

De súpeto, aqueles demos negros, almas en pena, ou o que fosen, paráronse todos no médeo do camiño, e resoando antre os pinares, sentiuse o triste canto dos defuntos.

- Requiem aeternam dona eis, Domine! -cramaron uns.

- Et lux perpetua luceat eis! -responderon outros.

Don Ciprián, fóra de si, cos pelos de punta e tembrando como unha rama de loureiro verde, escondeuse detrás dun valado, sin folgos pra fuxir; namentras a porcesión seguía, paseniño, paseniño, acercándose a el.

Eisí que estivo preto, xa non lle coupo a máis pequena dúbida ó usureiro de que aquilo era a Compañía.

Diante viña un defunto coa crus alzada, dimpois seguían dúas ringleiras deles con fachóns alcendridos, logo a tomba que levaban antre catro, e detrás, cerrando a marcha, outros sete máis, vestidos de cregos, refunfuñando un Pater noster.

O que máis lle estranou, foi reconocer no que levaba a crus e nos que iban coa caixa, os mesmos rostros de cinco parroqueanos seus, a quen es arrounara, deixándoos por portas, porque non lle pagaran dentro do prazo fixo, os cartos que lles emprestou. Solasmentes que aquelas caras eran moito máis marelas, máis tristes, máis murchas e desencaixadas que as das súas vítimas.

A porcesión pasou sin velo, acarón do valado detrás do que se escondera, e seguou silenzosamente astra a encrucillada, tomando dimpois o camiño do cimiterio da vella igrexa de san Cremente.

O señor Cornexa, que, de tan páledo que co medo se puxera parecía outro defundo da Compañía, xa non pudo agoantar máis, e perdeu o coñecemento, caíndo ó pé do valado.

Ó rompe-lo día, volveu en si, estregouse os ollos, e parecéndolle un sono todo aquilo; pro cando, dimpois de saltar fóra do valado, viu o rastro da Compañía nas pingas de cera que iban facendo un longo regueiro polo camiño adiante, xa non coupo dúbida ó día o de Porco Teso, de que as almas dos defuntos viñeran aquela noite a anunciarlle o seu viaxe cara ó outro mundo, para dentro dos nove días.

- ¡Ai, malpocado de min -escramou esconsolado- que xa estou ardendo no inferno!

I escomenzou a andar cara á súa aldea, dándose golpes de peito, e pidíndolle a Dios perdón polos seus pecados, que eran tantos como as areas da praia de Camelle.

Cando chegou á casa, atopou on deudor que estaba vixiándolle a saída ó pé da porta, dende as dúas da mañán, pra salvar unha finca das uñas do usureiro. Porque habés de saber que cando cumprían os prazos de pagarlle as deudas, D. Ciprián fuxía do lugar pra que non o atopasen; e cando os probes labregos volvían ó día seguinte, non lles ademitía os cartos por haber pasado o tempo da entrega, quedándose eisí cos bens hipotecados.

- Bos días lle dea Dios, meu amo -díxolle o labrego quitando a monteira.

- Felices chos dea a ti -contestoulle Porco Teso con moito agarimo-. Crúbete, meu fillo.

¿Que tragues por eiquí tan cedo, ho?

-Eh, señor, véñolle a pagar aqueles trinta pesos que me emprestou, enriba da miña leira.

- ¿Non tes máis fincas que isa?

- Non, señor; solasmentes a casiña terrea onde vivo.

- ¿E tes moita familia?

- Téñolle un ben de Dios: sete fillos, a parenta e maila sogra.

- ¡Arre carafio! Boeno, pois mira, vouche a devorver a escritura que fixemos con pauto de retro; i os trinta pesos regálochos, que boa falta che fan.

- ¿Que dixo señor? -preguntou o paisano ca boca tan aberta que lle cabía un angazo dentro.

- ¡Que chos regalo ho, que chos regalo! ¿Ou seique estás xordo?

- ¡Ai señor, déixeme de lerias, e non se bulre dos probes!

- Entra, meu fillo, entra, e xa verás si che falo de veras ou non.

Subiron os dous ó sobrado, i ó chegar á sala, sacou D. Ciprián a escritura da hucha, i entregoulla ó seu deudor.

O probe do labrego, revirou os ollos e rascouse a testa, sin estreverse a coller o documento.

- ¡Toma, ho! -repíteu D. Ciprián.

- Ai señor, colla os cartos e non se bulre.

- Fáloche moi en serio, pois non che está agora o alcacén pra gaitas. Toma, vaite, e reza a Dios por min.

E meténdolle a escritura na man, doulle un abrazo e chimpouno na porta.

O labrego, ó se ver fóra, mirou e remirou a escritura máis de vinte veces, e contou os cartos outras tantas, pensando se aquel milagre sería cousa de trampa ou meiguería.

Nesto, pasaron por alí uns cantos veciños que iban a unha sacha, e contoulles o caso.

Botáronse todos a rir, i un deles díxolle:

- ¡Ti hoxe xa non estás en aúnas! ¿Cantos netos caíron, ho?

- ¡Eisí adoeza si me entrou unha pinga no corpo! Eiquí tendes a escritura e mailos cartos. Mirádeme todo iso, e dicídeme si é verdá; pois eu, que Xuncras me leve si o entendo.

Ó ver os demais polos seus própeos ollos que aquilo n'era mentira, escramaron ademirados:

- ¡Porco Teso toleou!

- O que vos digo, é que vai a morrer. ¡Ise milagre é sinal de morte! -dixo unha vella.

Naquela mesma tarde correuse polo lugar adiante, que o usureiro mandáralle avisos a tódolos seus parroqueanos dicindo que lles perdoaba as deudas, e que pasasen pola súa casa a recoller os documentos.

Depois, sópouse que mandara tamén chamar á probe viúda a quen lle partiu a perna pra pedirlle perdón e regalarlle unha casa que tiña nas Edreiras, con sete ferrados de sembradura ó redor.

A xente estaba pámpana de ver tales cousas. ¡Aquel era cousa de milagre! ¡O home máis pícaro e de piores fígados que había en vinte légoas á redonda, convertírase, da noite prá mañán, nun santo varón, dino de que o puxesen nos altares!

Todo o mundo se facía língoas de D. Ciprián, i astra houbo un deudor agradecido que propuxo que o fixesen patrón da parróquia, e se cambearse o nome de santa María de Traba polo de... ¡San Ciprián Cornexa!

Aquel mesmo día, dimpois de devorver tódalas escrituras de venta con pauto de retro, e de pedir perdón a todos, recomendando a cada un especialmente que rogase a Dios por

el, don Ciprián meteuse na cama, da que non volveu a erguerse máis.

Na mesma noite en que morreu, i ós nove días xustos de escomenzarlle a enfermidade, foi cando me chamaron a min, pra que lle dese unha sangría.

Cheguei ó pé da cama onde estaba o noso home, saquei o meu bisturí, e pincheille o brazo dereito, pro non saíu nin unha pinga de sangue.

- ¡Non perda o tempo! -díxome o señor Cornexa-. ¡Isto vaise!
- ¡Non pense neso! -espondinlle eu-. ¡Eínda lle quedan moitos anos de vida por diante!
- ¡Dígolle que non paso desta noite! ¡Hoxe cumpre o novenario!

E siguidamente, o usureiro, con voz compunxida, contoume toda a hestoria da Compañía. Nesto, chegaron o crego i o escribano; e Porco Teso confesouse e fixo testamento.

A súa última vontade foi, que se partise toda a súa fortuna en dúas partes eguais; unha metá prós probes e mais pra misas pola súa alma; i a outra metá pra construír unha nova igrexa parroqueal en Traba.

E dígovos, que si na tal igrexa se houbesen empregado tódolos cartos que el deixou pra súa construción, sería hoxe máis grande que unha catedral.

Dimpois de confesado e testamentado, xa entrou Porco Teso na agunía, i escomenzou a varréselle o sentido.

Acórdome ben, que estaba o escribano á beira da cama, i o señor Cornexa, erguéndose asustado e mirando pra el, coa vista destraviada, berrou con vos ronca:

- ¡Sacádeme este demo que está eiquí á miña dereita!
- Cálmesese don Criprián -díxolle o crego- que iste non é o demo, que é o escribano.
- ¡O mesmo ten! -marmurou o usureiro incrinando a testa e cerrando os ollos.

¡Aquelas foron as súas últimas palabras! I eiquí tendes vos como gráceas á Compañía construeuse de novo, fai corenta anos, a igrexa de Santa María de Traba, que é a millor de cantas hai en toda a comarca de Bergantiños.

- Logo vosté está conforme comigo en que eisiste a Compañía -díxolle o sancristán ó ceruxano, cando este concuriu a súa relación.

- Eu -repicou o señor Inocente- sigo, polo contrario, pensando o mesmo que o ferreiro, que todas esas son meiguerías e nada máis.

- ¿E logo como se lle apareceu a Compañía ó usureiro?

- Neste mundo -repicoulle o ceruxano-, tódalas cousas que parecen estrordinarias teñen unha espricación sencilla, sin necesidá de acodir ás meiguas nin ós defuntos. O día seguinte de enterrar ó usureiro, soupén eu, por un veiciño de Vilardomato, que na mesma noite en que viu a Compañía D. Ciprián, fíxose o traslado do cadavre do Vinculeiro de Sanamedio, dende o lugar de Brandomil astra o cimiterio de San Cremente.

- ¿E por que non o trasladaron polo día?

- Porque a familia quixo cumprir a última vontade do defunto, que o deixou eisi

disposto. I aquel enterro foi o que atopou o usureiro no alto da costa das Orbelleiras, coidando que era a Compañía.

- ¿I entón por que morreu ós nove días? -volveu a preguntare o sancristán.

- Matouno o medo, que é a enfermidade dos covardes; coa axuda do remordemento, que é o verdugo dos que non teñen a conciencia limpa -contestou o ceruxano.